

Nuno Freire de Andrade, Mestre de Cristo. Tradición e vínculos dos Andrade co reino portugués*

*Nuno Freire de Andrade, Grand-Master of Christ. Andrade's tradition
and relations with the Portuguese kingdom*

Ricardo PICHEL GOTÉRREZ

Universidad Complutense de Madrid
Universidade de Santiago de Compostela

ripichel@outlook.com

[recibido 28/02/2014, aceptado 18/06/2014]

RESUMO

Neste artigo ofrecemos unha aproximación historiográfica á Casa de Andrade, unha das familias nobiliarias máis s-branceiras da Galiza medieval, e aos seus vínculos nobiliárquicos co reino castelán e, especialmente, co reino portugués ao longo do século XIV. Así pois, centrámonos na figura de Nuno Freire de Andrade, Grande Mestre da Orde de Cristo e abandeirado dos reis Pedro I e Fernando I de Portugal.

PALABRAS CHAVE: Casa de Andrade, século XIV, Galiza e Portugal, Orde de Cristo, Nuno Freire de Andrade.

PICHEL GOTÉRREZ, R. (2014): “Nuno Freire de Andrade, Mestre de Cristo. Tradición e vínculos dos Andrade co reino portugués”, *Madrygal (Madr.)*, 17: 99-113.

RESUMEN

En este artículo ofrecemos una aproximación historiográfica a la Casa de Andrade, una de las familias nobiliarias más importantes de la Galiza medieval, y a sus vínculos nobiliárquicos con el reino castellano y, especialmente, con el reino portugués a lo largo del siglo XIV. Así pues, nos centramos en la figura de Nuno Freire de Andrade, Gran Maestro de la Orden de Cristo y abanderado de los reyes Pedro I y Fernando I de Portugal.

PALABRAS CLAVE: Casa de Andrade, siglo XIV, Galiza y Portugal, Orden de Cristo, Nuno Freire de Andrade.

PICHEL GOTÉRREZ, R. (2014): “Nuno Freire de Andrade, Maestre de Cristo. Tradición y vínculos de los Andrade con el reino portugués”, *Madrygal (Madr.)*, 17: 99-113.

ABSTRACT

In this article we offer a historiographical approach to the Casa de Andrade, one of the most important noble families in medieval Galiza, and their relations with the Castilian kingdom and especially the Portuguese kingdom throughout the 14th century. Thus, we will focus on the figure of Nuno Freire de Andrade, Grand-Master of the Order of Christ and torchbearer for Kings Pedro I and Fernando I of Portugal.

KEY WORDS: Casa de Andrade, 14th century, Galiza and Portugal, Order of Christ, Nuno Freire de Andrade.

PICHEL GOTÉRREZ, R. (2014): “Nuno Freire de Andrade, Grand-Master of Christ. Andrade's tradition and relations with the Portuguese kingdom”, *Madrygal (Madr.)*, 17: 99-113.

* Este traballo beneficiase dunha estadia de investigación na Facultade de Letras da Universidade do Porto (FLUP), financiada polo programa de “Becas Iberoamérica 2014. Jóvenes Profesores e Investigadores” (Santander Universidades). Neste sentido, debo agradecer as orientacións do persoal investigador do SMELPS (Seminário Medieval de Literatura, Pensamento e Sociedade) da FLUP, especialmente do seu director, o profesor José Carlos Ribeiro Miranda.

SUMARIO: 1. As orixes da Casa de Andrade até o século XIV. 2. Vínculos nobiliárquicos dos Andrade no século XIV. 3. A oportunidade de Nuno Freire de Andrade. 3.1. O Mestre de Cristo: abandeirado no reino portugués. 3.2. Nuno Freire de Andrade: fronteiro na alianza atlantista. 4. Cabo. Os Andrade e a literatura galega trescentista. 5. Referencias bibliográficas.

1. AS ORIXES DA CASA DE ANDRADE ATÉ O SÉCULO XIV

Polo que sabemos, o círculo nobiliario dos Andrade no século XIV constituía a dinamo do mecenado de boa parte das empresas culturais na Galiza da época (proxectos edilicios, civís e relixiosos, obras literarias etc.). Falamos dunha estirpe de nobres cabaleiros afincados, principalmente, nas terras coruñesas de Betanzos e de Pontedeume, con raizame desde mediados do século XII e cuxo poderío económico e político iría medrando a partir do primeiro terzo da centuria seguinte e, sobre todo, na segunda metade do século XIV¹. Os Andrade documéntanse desde a segunda metade do século XII nas terras do condado de Trastámara². As mencións que se coñecen desde o primeiro descendente desta familia, Bermudo Fortúniz, miles de Andrade, falan aínda a mediados do século XIII dun notábel protagonismo no contorno dos Traba, cos que estaban relacionados en réxime de subordinación.

A póla dos Freire de Andrade xurdiría nas primeiras décadas da centuria seguinte, acompañando a debilitada liña xenealóxica do século anterior protagonizada por Fernán Pérez de Andrade I e Pedro Fernández de Andrade³. Desta póla dos Freire de Andrade descenderá a saga dos *Andrade Maiores*, inaugurada por Fernán Pérez de Andrade o Boo, primeiro señor de Pontedeume, Ferrol e Vilalba, o que convertería a casa de Andrade nunha das máis distinguidas de Galiza tanto por antigüidade de liñaxe como pola riqueza patrimonial e o poder señorial que estes novos señores ostentarían. O primeiro descendente dos Freire de Andrade, Xoán Freire de Andrade, señor do *Castel d'Andrade*, sería o pai de Nuno Freire de Andrade I⁴ e Ruí Freire de Andrade, e avó de Fernán Pérez o Boo e Nuno Freire II, dos que falaremos máis adiante. A significativa vinculación desta familia coas ordes militares xa era patente no século XIII, pois tanto os Freire como os Andrade ostentaban diferentes cargos na Orde de Santiago e, en menor medida, nas Ordes de Calatrava e Alcántara⁵. Unha das referencias documentais máis salientábeis onde consta a descendencia completa dos primeiros *Andrade Maiores* aparece no traslado de dúas cláusulas do testamento de Ruí Freire de Andrade, pai do Boo e de Nuno Freire, feito na Coruña en 1362. Trátase dunha referencia

¹ Son fundamentais, entre outros, os traballos de Castro Álvarez (2002), Correa Arias (2004, 2009a, 2009b), Erias Martínez (1991, 2009) e Vázquez (1990).

² Os descendentes da casa de Andrade foron obxecto de interese nas crónicas, repertorios historiográficos e nobiliarios portugueses desde o séc. XV (por exemplo, en Fernão Lopes na primeira metade do séc. XV, en Jerónimo Román a finais do séc. XVI [ed. 2008], en Cristóvão Alão de Moraes no séc. XVII [ed. 1943-1948], Quintella 1839, Andrada 1867, Freire 1899 [1973³]: 2, 239-281; Sá 1900). Salientamos os seguintes estudos ao respecto: Sá (1899-1900: 2, 103-129), Carré Aldao (1911: 55-58), Rey Escariz (1915: 66-69), Erias Martínez (1991, 1998: 479-481 e 2009), Vaamonde Lores (1916, 1936), Gaio (1938: 1, 140-194), Moraes (1943-1948: 2/2, 7-25), Couceiro Freijomil (1944: 111-125), Leite (1969), Clode (1977), Vázquez (1990), Zoltan (1991), Varela Campos (1993-1994), García Oro (1994: 17-65), Castro Álvarez e López Sangil (2000), Castro Álvarez (2002), López Sangil (2002), Correa Arias (2004, 2007, 2009a, 2009b), González Pérez (ed. 2008: 53-71), Fonseca e Pimenta (2008: 113-115), Vasconcelos (2008: 1, 365), Silva (2010) etc. No caso da historiografía actual, chamounos a atención o descoñecemento mutuo entre os historiadores galegos e portugueses, especialmente no que atinxe á descendencia dos primeiros *Andrade Maiores*.

³ Fernán Pérez de Andrade I puido estar vinculado á corte de Sancho IV e, nos primeiros anos do séc. XIV, ao infante Don Filipe (García Oro 1994: 17, Correa Arias 2009a: 78-85).

⁴ Está bastante estendida nos estudos historiográficos actuais (ex. García Oro 1994: 19-20) a confusión entre Nuno Freire I (irmán de Ruí Freire) e Nuno Freire II (sobriño do Nuno Freire I e irmán de Fernán Pérez o Boo): deste xeito, téndese a identificar a este último como o acompañante de Ruí Freire na batalla do Salado (en realidade, o seu irmán Nuno Freire I) e, asemade, como abandeirado dos intereses lusitanos na segunda metade da centuria (Nuno Freire II).

⁵ Correa Arias (2009a: 81-85), Silva (2010: 31).

moi importante porque nela se deixa constancia do carácter primoxénito de Nuno Freire II e porque é unha das máis temperás alusións ao seu cargo de Mestre de Cristo. Reproducimos a continuación o fragmento correspondente:

(...) fez seus herdeiros seus fillos Nuno Freire, Maestre de Cristos, e Johán Freire e Lopo Nunes, Fernán Peres e Mariña Pelaes e Sancha Nunes⁶.

Así pois, o enlace entre Ruí Freire de Andrade e Inés González de Soutomaior daría lugar ao nacemento de catro varóns e dúas mulleres, dos cales o primoxénito e primeiro herdeiro sería Nuno Freire II, coñecido tamén, especialmente na historiografía portuguesa, como Nuno Rodríguez ou Nuno Rodríguez Freire de Andrade e Soutomaior, de quen descendería a meirande parte dos Andrade do reino veciño (vid. Fig. 1).

2. VÍNCULOS NOBILIÁRQUICOS DOS ANDRADE NO SÉCULO XIV

A vinculación dos Freire de Andrade co ambiente nobiliárquico de Afonso XI é manifesta no segundo terzo do século, toda vez que aparecen involucrados nalgúns dos principais movementos políticos e militares da época. Tras a investidura cabaleiresca do monarca na Catedral de Santiago de Compostela (onde se arma cabaleiro por unha imaxe articulada do apóstolo), na súa posterior autocoroación no mosteiro das Huelgas de Burgos (1332), Pedro Fernández de Castro, mordomo real e pertegueiro maior na Terra de Santiago, por indicación do soberano, arma trece cabaleiros galegos que acompañan a hoste do principal ricome galego: entre eles están Ruí Freire, Nuno Freire I e Aras Pardo⁷. Pouco despois, Nuno Freire I,




Fig. 1. Liña xenealóxica dos Freire de Andrade no séc. XIV (a partir de Correa Arias 2009: 85)

⁶ Transcripción propia. O traslado das cláusulas testamentarias foi editado por Rey Escariz (1915: 66-69).

⁷ Este último, Aras Pardo, será o sogro de Lopo Nunes, un dos irmáns de Nuno Freire II (Correa Arias 2009: 143). Segundo Correa Arias (*ibid.*), nesa ocasión Nuno Freire I e Ruí Freire serían acollidos na prestixiosa Orde da Banda; porén, no códice rexio de Afonso XI (Bibliothèque Nacional de France, Esp. 33) non constan os seus nomes. De acordo con Rodríguez-Velasco (2009: 173), cómpre lembrar que a creación da orde seglar e as cerimonias vinculadas á coración do monarca conforman dúas estratexias políticas e simbólicas distintas (*apud* Rodríguez Porto 2012: 785).

xunto co seu irmán Ruí Freire, participa na batalla do Salado (1340) ao lado de Afonso XI e Pedro Fernández de Castro, servizos polos cales é compensado cos coutos de Brión, Balón e Mougá (próximos a Ferrol) e co matrimonio con dona Inés Rodríguez de Tábora, parente próxima da concubina do rei, dona Leonor de Guzmán, nai do futuro bastardo trastámara⁸.

Así pois, as causas do ascenso sociopolítico e económico desta familia cómpre buscalas na súa estreita relación coa realeza (castelá e portuguesa) do seu tempo e cos seus principais caudillos. No primeiro caso, os Andrade máis destacados da primeira metade do séc. XIV (Ruí Freire e Nuno Freire I) estiveran moi vinculados coa política bélica e o ideal cabaleiresco practicado por Afonso XI, como acabamos de ver. Pasado o ecuador do século, a fidelidade á fanada causa lexitimista, así como a adhesión vasalática aos reis portugueses Pedro I e Fernando I (pretendentes na liña sucesoria aberta tras o asasinato do Cruel), caracterizan o comportamento do nobre Nuno Freire de Andrade II (fillo de Ruí Freire), destacadísimo emigrado galego na corte portuguesa como demostran os seus cargos de Mestre de Cristo e de Chanceler-mor xa mencionados, así como o seu papel como aio do primeiro monarca da dinastía Avis, o futuro rei João I. En troca, o seu irmán menor, o célebre Fernán Pérez de Andrade, se nun principio abrazaba o petrismo, despois cedíalle definitivamente o seu estratéxico apoio ao trastamarismo, fonte de múltiples mercés no último terzo do século.

Porén, a dita vinculación coa realeza non sería posíbel sen o favor dos principais caudillos dos reis casteláns que, nesta época, tiñan como principal representante a estirpe galega dos Castro, integrados na influente Casa de Lemos⁹, Trastámara e Sarria (sucesora dos poderosos Traba do séc. XIII). Con certeza, a man dereita de Afonso XI e Pedro I representábase nesta altura os nobres galegos Pedro Fernández de Castro¹⁰ (*o da Guerra*) e o seu fillo Fernando Ruiz de Castro (*toda a lealdade de España*), respectivamente, dos que, por súa vez, os de Andrade (Ruí Freire, Nuno Freire I, Nuno Freire II e Fernán Pérez) constituían uns dos seus principais vasallos.

3. A OPORTUNIDADE DE NUNO FREIRE DE ANDRADE

3.1. O MESTRE DE CRISTO: ABANDEIRADO NO REINO PORTUGUÉS

Descoñecemos os motivos reais que levaran a Nuno Freire II a Portugal¹¹, mais talvez xa a finais da primeira metade do séc. XIV o primoxénito dos *Andrade Maiores* se encontraba en terras portuguesas. O acceso ao mestrado da Orde de Cristo por parte dun galego emigrado á corte portuguesa non nos debe sorprender nin tampouco nos debe levar a consideralo –de xeito anacrónico– como un atípico Mestre “estranxeiro”. Como é ben sabido, nesta altura a idea de “nacional” ou “nacionalidade” está en gran medida subordinada, en primeiro lugar, aos lazos de vasalaxe¹². Precisamente, o noso Nuno

⁸ Correa Arias (2009a: 144, 208).

⁹ Véxanse, entre outros, García Oro (1999: 29-39), Fernandes (1999-2000), Pardo de Guevara y Valdés (2000, 2008), López Carreira (2008b), Pizarro (2010). O seu título nobiliario autónomo (Condado de Lemos) non chegaría até mediados do séc. XV.

¹⁰ Pedro Fernández de Castro, Mordomo-mor de Afonso XI, tivera coa dama portuguesa Aldonça Lourenço de Valadares a Inés de Castro, amante do futuro Pedro I de Portugal (vid. *infra*).

¹¹ Nalgúns nobiliarios portugueses dos sécs. XVII-XIX (véxase, por exemplo, o de Felgueiras Gaio, repr. 1938) transcende a noticia de que Nuno Freire II fuxira de Galiza “por matar en praça publica de certa villa daquela Reyno a hum Corregedor, ou Juis no Reynado de D. Pº o Justisseiro que conhecendo a sua fidalguia, e grande esforço o fez Mº da ordem de Xº de q foi 6º Mestre, e pellos grandes servissos q lhe fez concedeo o dº Rey aquella ordem m^{tas} mercès” (Gaio 1938: 140). Non atopamos ningunha fonte directa nin pegada deste incidente na historiografía recente, polo que non podemos certificar a súa validez histórica.

¹² Canto á idea de “nacionalidade” e das relacións de vasalaxe no reinado de Pedro I de Portugal véxanse, entre outros, Mattoso (1998) e Viegas (2001).

Freire aparece citado na documentación portuguesa de mediados do séc. XIV como un dos doce vasallos do Infante D. Pedro encargados de observar e cumprir a avinza de Canaveses (5 de agosto de 1355) celebrada co seu pai, o rei Afonso IV, pola que se poñía fin á guerra civil entre o rei e o seu fillo a raíz do cruel asasinato da súa amante, Inés de Castro¹³. Observamos, por tanto, naquela altura a Nuno Freire como un dos homes de confianza do futuro rei Pedro I.

Para alén disto, outro factor que puido ser coadjuvante á consecución do mestrado por parte de Nuno Freire sería o da “solidariedade de liñaxe”, debido á suposta vinculación familiar existente entre Teresa (Guille) Lourenço, nai do futuro rei João I¹⁴, e o nobre galego. Canto a isto último, xa na *Crónica de D. Pedro*, Fernão Lopes atestaba a proximidade familiar entre o Mestre de Cristo e dona Teresa, sen corroborar, porén, o grao de parentesco entre ambos os dous:

Este rei não quiz casar: depois da morte de Dona Iñez, em sendo infante, nem depois que reinou, lhe prove receber mulher; mas houve amigas com que dormiu, e de nenhuma houve filhos, salvo de uma dona, natural de Galliza, que chamaram Dona Thereza, que pariu um filho que houve nome Dom João, que foi mestre de Aviz em Portugal e depois rei, como adiante ouvireis, o qual nasceu em Lisboa onze dias do mez de

abril, ás tres horas depois do meio dia, no primeiro anno do seu reinado. E mandou o el-rei criar, em quanto foi pequeno, a Lourenço Martins da Praça, um dos honrados cidadãos d’essa cidade, que morava junto com a igreja cathedral onde chamam a praça dos Canos, e depois o deu, que o criasse, a Dom Nuno Freire de Andrade, mestre da Cavallaria da ordem de Christo¹⁵.

Desde Fernão Lopes, circulou bastante na crónica portuguesa a idea de que esta Teresa Lourenço era de orixe galega, máis concretamente, descendente da casa de Andrade e, por tanto, parente de Nuno Freire II. De aí o recolle, sen reservas, Vaamonde Lores¹⁶:

Fué muy estimado del rey D. Pedro I de Portugal, quien le dió a criar su hijo D. Juan, habido en una noble señora gallega llamada D^a Teresa Lorenzo de Andrade, y para el cual el niño, de siete años de edad, consiguió el maestrazgo de Avís (1364).

Segundo os cronistas Fernão Lopes ou Rui da Pina, a dita Teresa chegaría a Lisboa, do mesmo xeito que Inés de Castro, como dama da infanta Constanza¹⁷. D. António Caetano da Sousa, na súa *História genealógica* (1736: II, 2-5), rexeitaba de plano este aserto infundado e concedía máis credibilidade a que a dita dona Teresa fose filla dun mercador lisboeta chamado Lourenço Martins¹⁸, coñecido como *o da Praça*

¹³ Para a concordia de Canaveses véxanse Sá (1899-1900: 1, 67), Basto (1959: 209-211) ou Pimenta (2007: 117 e ss.). Á marxe dos fillos nados por matrimonio llexítimo (entre eles, o de Constanza Manuel, de onde nacería o futuro Fernando I), Pedro I tería descendencia bastarda con dúas damas da corte. A máis célebre, sen dúbida, foi Inés de Castro, unha fermosa muller de estirpe galega (filla de Pedro Fernández de Castro *o da Guerra* e Aldonça de Valadares) que aparecera na corte portuguesa entre as damas do séquito da raíña Constanza Manuel e pola que o rei axiña sentiría unha gran paixón. Desa relación adúlterina nacerían varios villos, os infantes Xoán, Dinís e Beatriz, coñecidos como os Infantes de Portugal ou os Infantes de Castro. O ascenso social e político desta póla ilexítima en detrimento da futura sucesión de Fernando I levou a Afonso IV a ordenar o asasinato da amante do seu fillo en 1354. A bibliografía relacionada coa vida de Inés de Castro e a recepción da traxedia, tanto na literatura como na historia, é abundantísima; véxanse, entre outros, Machado (1966, 1978), Arnaut (1985), Roig (1986), Olivera Serrano (2005: 39-41), Pimenta (2007) ou Cristóvão (2012).

¹⁴ D. Pedro concederíalle a Teresa Lourenço unhas casas na mouraría de Avís (Pimenta 2007: 179).

¹⁵ *Apud* The Project Gutenberg (ed. impresa de 1895): <http://www.gutenberg.org/ebooks/16633>.

¹⁶ Vaamonde Lores (1936: 253). Véxase ao respecto Couceiro Freijomil (1944: 124).

¹⁷ Vid. Lencastre (2012).

¹⁸ A este Lourenço Martins seríanlle asignados primeiramente o coidado e crianza do fillo bastardo de Pedro I, o futuro João I, antes de serlle confiado ao Mestre de Cristo: “E mandou o el-rei criar, em quanto foi pequeno, a Lourenço Martins da Praça, um dos honrados cidadãos d’essa cidade, que morava junto com a igreja cathedral onde chamam a praça dos Canos, e depois o deu, que o criasse, a Dom Nuno Freire de Andrade, mestre da Cavallaria da ordem de Christo” (*Crónica de D. Pedro*, cap. I). Véxase Santos (1988 [1727]: 8, 422-423).

(a familia de comerciantes residía na antiga freguesía de São João da Praça). Aínda outros autores, como Frei Manuel dos Santos¹⁹, afirman que dona Teresa pertencía a unha familia miñota, a dos Almeidas, e que era parente do Mestre de Cristo.

Aínda que o asunto aínda está lonxe de se aclarar, semella que a procedencia lisboeta de dona Teresa é a hipótese máis aceptada na actualidade²⁰. En calquera caso, todos os historiadores coinciden na orixe nobre desta muller:

e agora só digo que ninguem duvida da nobreza desta Dama; porque estaõ da sua parte os antigos, como tambem a commua opiniaõ de ser descendente do Reyno de Galiza, da Familia dos de Andrada, que Alvaro Ferreira, Varaõ sciente na Historia e na Genealogia, diz lhe pertencia por sua mãy, e por aquella parte lhe tocava o parentesco de Nuno Freire de Andrada VI, Mestre da Ordem de Christo. (Sousa 1736: II, 5)

Á marxe da ligazón familiar (in)directa entre Teresa Lourenço e Nuno Freire, do que non hai dúbida é da proximidade do nobre galego ao contorno do rei Pedro I, como xa indicamos: primeiro como vasalo principal nos últimos anos do Infante (1355, Paz de Canaveses) e despois, unha vez aclamado rei (maio 1357), como Mestre de Cristo e aio dun dos seus fillos bastardos²¹ (o futuro João I).

A elección de Nuno Freire á fronte do Mestrado da Orde de Cristo, medio ano despois da subida ao trono de Pedro I, inaugura, en opinión de Silva (2010: 28-30), unha nova etapa no goberno desta prestixiosa orde, caracterizada, entre outras cousas, polo maior grao de

inexperencia real no seo da Orde, nomeadamente na orientación por parte do monarca na escolla dos seus cargos²². No caso de Nuno Freire, a súa total lealdade ao infante D. Pedro nos últimos anos de guerra civil co seu pai, unido á política de engrandecemento cara á nobreza prodigada polo novo rei, determinou a súa entrada inmediata nos postos máis elevados do ámbito político e persoal da corte. A elección de Nuno Freire fariase efectiva o 8 de novembro de 1357, uns días despois da renuncia do anterior Mestre de Cristo, D. Rodrigo Eanes²³:

Aceita a Renuncia que fes do grao Mestrado da Ordem de Christo D. Rodrigo Annes. Approvada pelas pessoas a que pertencia esta accão. Juntos em Capitulo geral passaraõ os eleitores a faser nova eleiçao de Mestre eno fim de quatro dias que se gastarão nas conferencias depoy de aceita a renuncia sobredita; o que tudo consta de hum instrumento que em publica forma se fes e se concerva em hum livro que he o segundo e se chama dos dourados e que está em o leal Mosteiro de Alcobaça e he o seguinte.

D. Fr. Vicente Giraldes D. Abbade do Mosteiro de Alcobaça; em cujas maõs conforme a Bulla da Fundação da Ordem havia faser juramento o novo Mestre. D. Fr. Martim Annes, D. Prior da dita Ordem, D. Fr. Rodrigo Annes que renunciara o Mestrado, D. Fr. Vasco Martins Comendador mör, Fr. Nicolão Vigario de Thomar e de Santiago de Santarem, Fr. Estevao Comendador de Dornes, Frei Arias Martins Comendador de Proença, Fr. Gonsalo Lourenço Alcaide mor de Thomar, Fr. Affonso Sanchristão, Fr. Fernao Annes Celeireiro, Fr. Martim Esteves Rebelo Comendador de Ferreira, Fr. Martim Gonsalves Comendador da Bemposta, Fr. Martim Affonso Comendador de Penas Roxas,

¹⁹ “foy mulher illustre, parenta do Meste da Ordem de Cristo D. Nuno Freire, filha e irmã dos Almeidas, referidos na Província do Minho” (Santos 1988 [1727]: 8, 422; *apud* Pimenta 2007: 238).

²⁰ Véxanse ao respecto, entre outros, Costa (1942), Pimenta (2007: 46) e Lencastre (2012).

²¹ Así o declaran, entre outros, Fernão Lopes (*Crónica de D. Pedro*, cap. XLIII, p. 195) e Santos (1727: 422).

²² Nos anos anteriores ao goberno de Nuno Freire, a Orde de Cristo, herdeira dos Templarios, tivera como obxectivo situarse ao carón da política rexia, aliándose o máximo posíbel aos intereses reais e favorecendo, así, o proxecto de centralización política levada a cabo por D. Dinis e Afonso IV (Silva 2010: 28).

²³ “Dom Rodrigu’Eanes que foy o que diz que renunciou o mestrado por hum falcão” (ANTT, Ordem de Cristo, Convento de Tomar, cód. 232, fol. 4). No primeiro ano do mestrado de Nuno Freire efectúase definitivamente a transferencia da sede da Orde de Castro Marim para Tomar (Silva 2010: 42-44). En xullo de 1361 testemúñase unha carta de privilexios en beneficio de Nuno Freire II para a cobranza das rendas de certos bens da Orde en Entre-Douro-e-Minho (*Chancelaria de D. Pedro I*, libro I, fol. 134; Freire 1973³: 2, 248 e n. 2; cfr. Marques 1984).

Fr. Ruy Martins Comendador de Casever, Fr. Martim Affonso Comendador de Elvas, Fr. Pedro Gonsalves Comendador do Marmeleiro, Fr. Alvaro Gonsalves Comendador das Pias, Fr. Gil Esteves Comendador do Pinheiro Daser, Fr. Ruy Dias Comendador de S. Ovaya, Fr. João Roy Comendador da Jdanha a nova, Fr. Martim Gil Comendador da Redinha, Fr. Alvaro Martins Comendador da Torre do Arrisado, Fr. Vasco Comendador de Evora, Fr. Martim Esteves, Fr. João Vasques, Fr. João Domingues, Fr. Affonso Martins, Fr. João Affonso, Fr. Joao da Vide. Estes forão os Comendadores Freires e Cavalleiros de que faz menção o dito instrumento. E estes sem duvida forão os que assistirão e aceitarão a renunçia de D. Fr. Rodrigo; assim como forão os que assitirão á eleição do novo Grao Mestre e de entre os quais se prenderao os trese Eleitores que fiserao a eleição²⁴.

Así pois, estiveron presentes neste capítulo, Frei Giraldes, abade do mosteiro de Alcobça²⁵, en cuxas mans o Mestre prestaría xuramento conforme a bula fundacional da Orden de Cristo (*Ad ea ex quibus*, do Papa Xoán XXII, 1319); D. Martim Anes, prior da Orde; o anterior Mestre de Cristo, D. Rodrigo Eanes; Vasco Martins, comendador maior da orde; Frei Nicolao, vigario de Tomar e de Santiago de Santarém, e os demais comendadores, freires e cabaleiros da dita Orde.

No clima de entendemento entre a monarquía e a Orde de Cristo, Nuno Freire acrescenta as súas dignidades mestrais co cargo de

Chanceler-mor do monarca; unha novidade na época, pois era a primeira vez que un Mestre acumulaba funcións exteriores á Orde²⁶. Para alén da súa desingación como gobernador da Coruña entre 1369 e 1371 (vid. *infra*), parece que tamén desenvolveu o labor de fronteiro do reino na Guarda por espazo de dous meses, estaba na que deixou a Orde ao cargo dos seus procuradores e doutros oficiais en quen delegaba os seus poderes²⁷. Fóra destes desprazamentos como fronteiro (A Coruña e A Guarda), Nuno Freire permanecería no seu Mestrado de modo constante.

Reflexo do seu prestixio social como membro da nobreza foi o seu patrocinio para a construción dos pazos da vila ribatexana de Ferreira do Zêzere, residencia do Mestre de Cristo²⁸. Así consta nunha inscrición conmemorativa do inicio da súa construción, en xullo de 1362, gravada nunha lápida de calcario hoxe en moi mao estado de conservación e embutida no exterior do edificio da Cámara Municipal de Ferreira do Zêzere, no distrito de Santarém (Figs. 2 e 3).

Na lápida establécese a correspondencia do día 5 de xullo de 1362 (*5 dias de julho da era MCCCC*) con dous acontecementos históricos: o inicio do Mestrado de Nuno Freire e o inicio do reinado de Pedro I de Portugal. Como nota Barroca (2000: 2, 1763), esta precisión cronolóxica reflicte a memoria ou “cultura histórica” do autor do texto epigráfico²⁹, o cal non sorprende tratándose do mordomo e chanceler-mor

²⁴ Transcrición propia. Frei Bernardo da Costa, *Historia da Militar Ordem de nosso Señor Jesuchristo* (Biblioteca Nacional de Portugal, Col. Pombalina, cód. 501), parte II, t. II, cap. II (“Do sexto Grao mestre D. Nuno Rodrigues. Anno de 1357”), § I (“Da eleição do Sexto Mestre”), fols. 23-25. Sobre esta crónica véxase Branco (1980).

²⁵ O abade de Alcobça recoñecería a elección de Nuno Freire en carta de 9 de novembro de 1357 (Freire 1973³: 2, 247).

²⁶ Carvalho (1990: 371), Silva (2010: 59). Entre as funcións comúns destes altos funcionarios destacan as de verificación e selado das cartas, os despachos que implicasen oficiais da Corte, a provisión de distintos tipos de cartas ou a administración pecuniaria das taxas da chancelaría. Outra función dos chanceleres era a confirmación da localización das cartas por eles redactadas, un labor de carácter itinerante, acompañando o monarca nos seus desprazamentos, en calidade de testemuños dos ordenamentos ou compromisos asumidos polo rei. Infelizmente, no caso de Nuno Freire, no estudo monográfico sobre o seu mestrado, Silva (2010: 60) non atopou ningún documento asinado por el en calidade de chanceler-mor nin tampouco conseguiu testemuñar a dita itinerancia xunto ao monarca.

²⁷ Freire (1973³: 2, 249, 286), Silva (2010: 60).

²⁸ Segundo Barroca (2000: 2, 1764), un dos primeiros exemplos coñecidos para unha inscrición relacionada coa construción dunha residencia nobiliar (xuntamente cunha outra inscrición de 1314, localizada na Torre de Lourosa).

²⁹ É interesante o feito de que se explicita o autor do texto epigráfico, Gonzalo Tenreiro, quen declara que *estas leteras pintou* (Barroca 2000: 2, 1762).



Fig. 2. Lápida dos pazos de Ferreira do Zêzere
(Barroca 2000: 3, 491)

do Mestre de Cristo, Gonzalo Tenreiro³⁰. Así pois, no primeiro caso, atina coa data exacta do inicio do seu mestrado (andados 4 anos, 7 meses e 26 días do 05/07/1362), como xa vimos, o 8 de novembro de 1357, pouco despois do entronizamento de Pedro I³¹.

Polo que respecta ao coidado do futuro rei João I, cómpre indicar que Nuno Freire acadaría para el o mestrado de Avis cando só tiña sete anos, unha vez falecido Frei Martim Avelar, mestre da Orde de Avis, en 1364³². Velaí o relato de Fernão Lopes na *Crónica de D. Pedro*:

Depois da morte de Dona Iñez, el-rei sendo infante, nunca mais quiz casar, nem depois que reinou quiz receber mulher, mas houve um filho

(A)
+ IN : [nomine : p]ATRI : et : FILII : E(t) : SPE / RITUS : SANTI :
AMEN : / ECCE : CRUCE : [...] / IH(es)U : XPI : FILII : D[...] /

(B)
ESTES : PAAÇOS : FEZ : O MEESTRE : D(e) / XPOS : DOM : NUNO
: RODRIGUEZ : FILHO : D(e) : / ROI : FREIRE : DE : ANDRADE :
HE : [de] : D(o)NA : ENES : / GONÇALVES : D(e) : SOU[to] : M[aior]
: HE : FORON : / COMECADOS : V : D[ias de julho] : ERA : D(e) :
M : / CCCC : ANOS : [quando eram] ANDADOS : D(e) / SEU :
MEESTRADO : [quatro] ANOS : E : VII : ME / SES : XXVI : DIAS :
M[ais] QUANDO : REIN / AVA : EN : PORTUGAL : [o m]JUY : NOBRE
: RE(i) / : DON : PEDRO : [...] : QUANDO : / ERAN : AN[dados] :
DE : [seu] : REYNADO / CINQ(u)O : ANOS : E : XLIII[i dia]S :
MAIS : / ESTAS : LETERAS : PIN[itu g]ONCALO / : TENREIRO :
MOORDO[mo m]OOR : E : C / HANCELER : MOOR : DITO : S[enhor
mee]STRE :

Fig. 3. Transcrición da lápida (Barroca 2000: 2, 1756)

de uma dona, a que chamaram Dom João. D'este moço deu el-rei cargo a Dom Nuno Freire, mestre de Christus, que o criava e tinha em seu poder, e que criando-o elle assim, sendo em idade até sete annos, veiu-se a finir o mestre de Aviz, Dom Martim do Avelal. O mestre de Christus, como isto soube, foi-se logo a el-rei Dom Pedro, que então pousava na Chamusca, e pediu-lhe aquelle mestrado para o dito seu filho, que levava em sua companhia, e el-rei foi mui ledo do requerimento, e muito mais ledo de lh'o outorgar. Então tomou o moço o mestre nos braços, e tendo-o em elles, lhe cingiu el-rei a espada e o armou cavalleiro, e beijou-o na boca, lançando-lhe a benção, dizendo que Deus o accrescentasse de bem em melhor, e lhe desse tanta honra em feitos de cavallaria, como déra a seus avós: a qual benção foi em elle bem cumprida, como adiante ouvireis.

³⁰ Non dispoñemos de moitos datos sobre este personaxe fóra da crónica tradicional portuguesa (Cfr. Silva 2010: 54). Segundo Pinto (2003), aínda que sen revelar as fontes, os Tenreiro, familia oriunda da Coruña, pasarían a Portugal por volta de 1369 fuxindo dos henriquistas por seren partidarios de Pedro I. Isto contradíse coa inscrición devandita, datada en 1362. Por outra parte, a súa ascendencia estaría emparentada cos Andrade: o seu pai, García Tenreiro, sería fillo de Diego López Tenreiro “alcaide-mor da Corunha, Sr. de Villalba, Flôr de Betanzos e Vila de Andrade” e de Aldara Fernández de Andrade. Porén, non puidemos identificar ningún destes dous personaxes. O que si parece confirmarse é que se trata dunha familia, a dos Tenreiro, de orixe coruñesa que nalgún momento do século XIV estendería a súa raizame a Portugal. Na *Cartografía dos apelidos de Galicia* (<http://ilg.usc.es/cag/>) compróbase a frecuencia maioritaria deste apelido nos concellos de Ferrol, A Coruña, Pontedeume, Miño, Narón, Fene, Vilalba, Cabanas etc. (1509 ocorrencias). Canto á Gonzalo Tenreiro, semella que el, ou un homónimo seu, foi capitán da frota do monarca que disputou con Castela a batalla de Saltés en 1381 (*Chancelaria de D. Fernando*, libro 1, fols. 128rv; Fernão Lopes, *Crónica de D. Fernando*, caps. 124-125; Quintella 1839: 32, 37, 39, 41; Menezes 1986: 6). Despois, na crise de 1383-1385, adheriuse á causa castelá autoaproximándose Mestre de Cristo; posteriormente sería apresado en Aljubarrota (1385) e o novo monarca doaría os seus bens a Rui Freire de Andrade, fillo de Nuno Freire II (*Chancelaria de D. João I*, libro 2, fol. 128v; Fernão Lopes, *Crónica de D. João I*, cap. 160).

³¹ Porén, canto a esta última efemeride, erra lixeiramente na data (vid. Barroca 2000: 2, 1763-1764).

³² Vid. Coelho (2010: 16-17).

(...) E se alguns quizerem dizer que os poucos annos de sua idade e não legitima nascença embarcavam de não poder ser mestre, a taes se responde que o Papa dispensou com elle, que posto que provido fosse antes do tempo, e nado de não legitimo matrimonio, que seus bons costumes e honroso proveito que d'elle vinha á ordem, corrigia tudo isto, e que o confirmava em elle (cap. 43).

3.2. NUNO FREIRE DE ANDRADE, FRONTEIRO NA ALIANZA ATLANTISTA

O triunfo aristocrático en Castela tras a morte de Pedro I en 1369 e a entronización de Henrique de Trastámara motivaron unha serie de reaproximacións entre Galiza e Portugal no marco da alianza anglo-luso-galega que culminaría en 1386 co desembarco do duque de Lancaster en Galiza. Fernando I, respondendo á chamada de destacados membros da nobreza galega e co evidente beneplácito municipal, sobe cara a Galiza³³ en xuño de 1369, pouco despois do pasamento do Cruel, acompañado de significados representantes da nobreza galega, entre eles o cabaleiro Álvaro Pérez de Castro (señor de Salvaterra, conde de Arraiolos en Portugal e logo primeiro condestábel deste reino) e o Mestre de Cristo e Chanceler-mor Nuno Freire de Andrade.

E partio el-rrei per terra, hindo com elle dom Alvaro Perez de Castro e dom Nuno Freire meestre de Christus e outros senhores e cavalleiros e gentes muitas; e mandou hir oito gallees per mar aa Crunha, e por capitam d'ellas Nuno Martinz de Gooes. (*Crónica de D. Fernando*, cap. 30)

Máis tarde uniríaselles Fernando Ruiz de Castro (conde de Lemos e Trastámara e, como vimos, a figura máis relevante da Galiza petrista neste momento), e na Coruña serían recibidos por Xoán Fernández de Andeiro, representante paradigmático do sector aristocrático adherido á opción atlantista de Galiza e mediador con Inglaterra³⁴. Porén, a presenza do monarca portugués en terras galegas foi efémera: Henrique II, apoiado polas Compañías Brancas do bretón Bertrand Duguesclin, reaccionara con presteza e lanzara unha enérxica contraofensiva pola que, a finais dese mesmo ano, Fernando I retornaba a Portugal sen presentar batalla. Porén, as cidades de Tui e A Coruña permaneceríanlle fieis durante algúns anos máis. É precisamente na súa saída cara ao Porto desde A Coruña, cando deixa guarnición ás ordes de Nuno Freire en calidade de gobernador da cidade³⁵. Coa paz de Alcoutim, asinada en marzo de 1371, aprobábase o matrimonio –fracasado³⁶– entre Fernando I e Leonor de Castela, filla de Henrique II, ao tempo que se garantía ao monarca portugués a posesión de Cidade Rodrigo, Valência de Alcántara, Monterrei e Allariz. Porén, A Coruña mantería a súa causa, con Nuno Freire II á fronte e coa presenza de tropas portuguesas, e Fernando Ruiz de Castro faría o propio nas terras de Tui, Santiago e Lugo. No entanto, este pulso lexitimista comezaría a esmorecer pouco tempo despois tras a derrota militar de Fernando Ruiz de Castro ante os Adiantados de Henrique II no Porto de Bois (preto de Melide), quen se ve finalmente obrigado a se retirar, tamén el, a Portugal. Tui

³³ Nun duplo percorrido: por mar, pasando por Baiona e quizais tamén por Pontevedra, até chegar á Coruña; e outro por terra, pasando por Tui, Salvaterra, Baiona, Redondela, Ribadavia, Ourense, Allariz, Lugo, Padrón, Santiago e A Coruña (López Carreira 2008a²: 406).

³⁴ López Carreira (2008a²: 406-407). Fernando I contaba, ademais, co apoio de certas familias portuguesas de gran influencia, como os Vilhenas ou os Teles de Meneses, para alén do beneplácito do bispo de Cidade Rodrigo ou do Mestre de Alcántara (Silva 2010: 62).

³⁵ Con catrocentos homes a cabalo, segundo Fernão Lopes (*Crónica de D. Fernando*, cap. 32).

³⁶ Antes de que a unión se celebre, Fernando namorárase de Leonor Téllez de Meneses, a muller dun dos seus propios cortesáns (João Lourenço da Cunha, señor de Pombeiro), conseguindo, así, a anulación do primeiro matrimonio coa filla de Henrique II. Leonor Téllez, casada en segredo con Fernando I en 1372, chegaría así a ser raíña consorte de Portugal até 1383. Malia a insurrección interna orixinada por tal afronta, o conflito non chegaría a ter consecuencias importantes para a relación co Trastámara, quen rapidamente prometería a súa filla ao rei Carlos III de Navarra. Porén, a paz acordada en Alcoutim non tardaría en ficar quebrantada debido ás intrigas do duque de Lancaster, que convencería a Fernando para que participase nun acordo secreto polo que ambos os dous expulsarían o Trastámara do trono; comezaría, así, a Segunda Guerra Fernandina (1372-1373), actualizada anos máis tarde (1381-1382) de novo por Xoán de Gante tras a morte de Henrique II en 1379.

sería tomada pola forza en 1372 por Diego de Sarmiento. Doutra parte, A Coruña manteríase aínda até 1373, abastecida por vía marítima, mais, nese mesmo ano, a paz de Santarém³⁷ poñía punto final á intervención de Fernando I de Portugal en Galiza. Así e todo, as aspiracións atlantistas e pro-portuguesas continuarían vivas até unha ocasión máis propicia, mantidas sobre todo polos nobres refuxiados e exiliados en Portugal (López Carreira 2008a: 408-411).

Polo que respecta a Nuno Freire de Andrade, deposto do seu cargo de gobernador e refuxiado en Betanzos, regresa por volta de 1372³⁸ a Portugal, onde acabaría os seus días; alí aínda estaría presente nun último capítulo da Orde de Cristo en Tomar (1373), data na que, presumiblemente a raíz do seu falecemento³⁹, sería substituído no Mestrado por Lopo Dias de Sousa.

4. CABO. OS ANDRADE E A LITERATURA GALEGA TRECENTISTA

Non queremos finalizar esta achega sen recoñecermos, máis unha vez, que, en termos

culturais, os vínculos nobiliárquicos e relacións vasaláticas aquí expostas, nas que se viron involucrados as figuras máis senlleiras da Casa de Andrade ao longo do século XIV, trouxeron como consecuencia a (re)apertura de distintas canles de transmisión cultural: circulación e préstamo de libros, textos e imaxes das cortes reais castelá e portuguesa cos aliados galegos (tanto os adeptos á causa petrista, como os que optaron finalmente polo henriquismo). Este contexto socio-político e cultural posibilitou, aliás, a produción de diferentes obras historiográficas e literarias (maiormente traducións) de gran calado na Galiza Trescentista⁴⁰: a versión galega da *General Estoria* de Afonso X (mediados do século XIV), a *Historia Troiana* (ca. 1365-71), a *Crónica Troiana* (1373) e se callar tamén o recentemente descuberto *Cancioneiro de Afonso Pérez* (ca. 1380-1400).

Nos dous primeiros casos, tanto a versión galega da *General Estoria* (Escorial, Ms. O.1.I), baseada nun manuscrito anterior á versión rexia,

³⁷ Neste tratado Nuno Freire é citado como un dos *arrefees* esixidos polo monarca castelán para garantir o cumprimento do mesmo: “E porque el-rrei dom Henrique, nom embargando as juras e menagees que el-rrei dom Fernando e os seus por estas pazes faziam, ainda dovidava que lhas nom guardaria compridamente como antr’elles eram firmadas, e esto por o que lhe avehera com ell nas outras pazes d’Alcoutim, pedio em arrefees certas pessoas e logares por tres anos, scilicet, Viseu e Miranda, Pinhel e Almeida e Cellorico e Linhares e Segura; e as pessoas foram Joham Affonssso Tello irmãao da rainha e dom Joham conde de Viana, filho de dom Joham Affonssso conde d’Ourem, Nuno Freire, Rrodrig’ Alvarez filho do prior do Crato...” (*Crónica de D. Fernando*, cap. 82). Porén, a imposición de que o Mestre de Cristo permanecese en Castela por tres anos non se debeu cumprir, toda vez que en 1373 Nuno Freire está presente en Tomar na celebración dun capítulo xeral da Orde (Silva 2010: 64).

³⁸ Carvalho (1990: 371) cita dous documentos do 6 e 7 de novembro de 1372 nos que Nuno Freire aparece intitulado como Chanceler-mor; porén, no Tratado de Santarém (19 de marzo de 1373) aparece referido só como Mestre de Cristo.

³⁹ Vid. Barroca (2000: 2, 2176), Ayala Martínez (2003: 853), Fonseca e Pimenta (2008: 113-115), Silva (2010: 68-70). Non semella factíbel, por tanto, a hipótese que se manexa nos principais traballos historiográficos galegos sobre a Casa de Andrade (Correa Arias 2004, 2009a, 2009b), segundo a cal Nuno Freire II morrería en Galiza a finais da década dos 60, caído en desgraza tras o fracaso de Fernando I. Tamén é discutíbel a atribución dunha lauda sepulcral no Museo das Mariñas (Erias Martínez 1991); porén, semella máis probábel que o cabaleiro galego fose enterrado en Tomar, unha vez testemuñada a súa presenza no capítulo da Orde de 1373, xunto cos restantes Mestres de Cristo. Para Barroca (2000: 2, 1766) Nuno Freire aínda viviría até as vésperas da crise dinástica, até 1381; porén, reconece que a derradeira referencia documental data de 1373. Polo que respecta á descendencia de Nuno Freire, malia chegar ao cargo máis alto da súa carreira, foi desposado con Clara Martins e tivo dous fillos bastardos: Ruí Freire (ou Nunes) e Gomes Freire. O primeiro, lexitimado a través dunha carta datada o 12 de setembro de 1361, foi cabaleiro da Orde de Santiago e nela comendador de Palmela e Arruda (*Chancelaria de D. Pedro*, doc. n.º 592; Marques 1984: 270-271). Canto ao Gomes Freire, foi cabaleiro de Avis e paxe do futuro rei João I (Freire 1973³: 2, 249-251).

⁴⁰ Sobre esta cuestión remitimos aos traballos de Rodríguez (1999), Lorenzo (1985, 2000, 2002), Mariño Paz (1999², 2008), Pena (2002); e máis recentemente aos estudos actualizadores de Pichel Gotérrez (2012a, 2012b, 2013), Rodríguez Porto (2012), D’Ambruoso (2012), Leite (2012) e Pena (2013).

como a restauración galega (ca. 1369-71) da *Historia Troiana* de Pedro I de Castela (ca. 1365-69; Biblioteca Menéndez Pelayo, Ms. 558), xurdirían nun escenario cultural común (da man dos Freire de Andrade, nomeadamente o Mestre de Cristo, e talvez tamén Nuno Freire I) e nunhas coordenadas espazo-temporais non moi afastadas entre si, no terceiro cuartel da centuria⁴¹. Pola súa parte, a *Crónica Troiana* (BNE, Ms. 10.233), redixida a partir dun exemplar previo á versión iluminada da *Crónica Troyana* de Alfonso XI (1350), sería patrocinada por Fernán

Pérez de Andrade o Boo⁴² pouco tempo despois da restauración da *Historia Troiana*. Por último, de acordo con Monteagudo (2013), a composición dos 23 *dizeres* recollidos no denominado *Cancioneiro de Afonso Paez*, compostos posibelmente a finais do século XIV e transmitidos nunha copia posterior fragmentaria do primeiro terzo do XV, podería tamén vicularse ao mesmo círculo nobiliario en cuestión, atendendo aos trazos lingüísticos do texto e á existencia dunha dedicatoria marxinal ao “señor Diego de Andrade” contida no manuscrito⁴³.

5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ARNAUT, Salvador Dias (1985): “Os amores de Pedro e Inês: suas conseqüências políticas”, en VV. AA., *A mulher na sociedade portuguesa. Visão histórica e perspectivas actuais (Colóquio 20-22 março 1985)*. Coimbra: Universidade, Instituto de História Económica e Social, vol. 3, pp. 403-414.
- AYALA MARTÍNEZ, Carlos de (2003): *Las órdenes militares hispánicas en la Edad Media (ss. XIII-XV)*. Madrid: Marcial Pons.
- BARROCA, Mário Jorge (2000): *Epigrafia medieval portuguesa (862-1422)*. [Lisboa]: Fundação Calouste Gulbenkian, Fundação para a Ciência e a Tecnologia, 4 vols.
- BASTO, Artur de Magalhães (1959): *Estudos: cronistas e crónicas antigas. Fernão Lopes e a Crónica de 1419*. [Coimbra]: Universidade.
- CARRÉ ALDAO, Uxío (1911): *Literatura gallega*. Barcelona: Casa Edit. Maucci.
- CARVALHO, Armando Luís (1990): *O Desembargo Régio (1320-1433)*. Porto: Instituto Nacional de Investigação Científica, Centro de História da Universidade do Porto.
- CASTRO ÁLVAREZ, Carlos de (2002): “Sobre el eslabón perdido y los parientes cercanos de Fernán Pérez de Andrade o Boo”, *Cátedra. Revista Eumesa de Estudios* 9, pp. 59-68.
- CASTRO ÁLVAREZ, Carlos de e LÓPEZ SANGIL, José Luis (2000): “La genealogía de los Andrade”, *Cátedra. Revista Eumesa de Estudios* 7, pp. 189-216.
- CLODE, Luís Peter (1977): *Genealogia da família Andrada ou Andrade*. Funchal: Secretaria Regional de Educação e Cultura.
- COELHO, Maria Helena da Cruz (2010): *D. João I*. Lisboa: Círculo de Leitores.
- CORREA ARIAS, José Francisco (2004): *Fernán Pérez de Andrade, o Bóo. Mentalidade e realidade social*. Noia (A Coruña): Toxosoutos (Serie Trivium nº 12).

⁴¹ A estreita relación entre a versión galega da *General Estoria* e a sección galega da *Historia Troiana* é evidente desde todo punto de vista: paleográfico, codicolóxico, lingüístico e mesmo literario (véxase ao respecto Pichel Gotérrez 2013).

⁴² Véxanse, entre outros, Lorenzo (1985, 2002), Correa Arias (2009a), D’Ambruso (2010, 2012), Rodríguez Porto (2012) e Pena (2013).

⁴³ Véxase unha recensión neste mesmo volume de *Madrygal* á edición e estudo deste *Cancioneiro*.

- (2007): *Mentalidade e realidade social na nobreza galega. Os Andrade de Pontedeume (1160-1540)*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento inédita.
- (2009a): *A Casa de Andrade (1160-1540). Nobreza, mentalidade e ideoloxía na Galicia baixomedieval*. Noia (A Coruña): Toxosoutos (Serie Trivium 34).
- (2009b): “O simbólico e o imaxinario do mundo señorial: os Andrade”, *Cátedra. Revista Eumesa de Estudos* 16, pp. 59-98.
- COSTA, Alberto Sousa (1942): “D. Pedro I de Portugal e Teresa Lourenço”, en F. Carlos (dir.), *Favoritas e favoritos célebres*. Lisboa: Papelaria Fernandes Editora, pp. 133-142.
- COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio (1944): *Historia de Puentevedume y su comarca*. [Galiza]: Editorial Compostela.
- CRISTÓFANO, Sirlene (2012): “O amor trágico entre D. Pedro e Inês de Castro: o diálogo entre a literatura portuguesa e a história do povo lusitano”, *Historia e Perspectivas, Uberlândia* 46, pp. 461-482.
- D’AMBRUOSO, Claudia (2010): “Sobre las relaciones textuales y lingüísticas entre la Crónica Troiana gallega y la Versión de Alfonso XI”, en J. M. Fradejas Lebrero e M. J. Díez Garretas (eds.), *Actas del XIII Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval. In memoriam Allan Deyermond*. Valladolid: Universidad / Ayuntamiento, vol. 2, pp. [633]-645.
- (2012): *Edición crítica y estudio de la Crónica Troyana promovida por Alfonso XI*. Tese de doutoramento inédita. Santiago de Compostela: Universidade (Dpto. de Literatura Española, Teoría da literatura e Lingüística Xeral).
- DUARTE, Luís Miguel (2008): “Lealdade, pero a quen? A nobreza galega en Portugal no século XIV”, en C. Balañas Pérez et alii (eds.), *O Condado de Lemos na Idade Media (I Simposio de Historia en Terra de Lemos)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Innovación e Industria, Dirección Xeral de Turismo, pp. [131]-152.
- ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (1991): “Xente da Baixa idade Media (III). Sancha Rodríguez, muller de Andrade, e Nuño Freire, Mestre de Christus”, *Anuario Brigantino* 32, pp. 309-322.
- (1998): “Museo das Mariñas (guía urgente)”, *Anuario Brigantino* 21, pp. 475-490.
- (2009): “Vinganza heráldica contra Fernán Pérez de Andrade”, *Anuario Brigantino* 14, pp. 185-222.
- FERNANDES, Fátima Regina (1999-2000): “Os Castro galegos en Portugal. Um perfil de nobreza itinerante”, *Fundación para la Historia de España* (Argentina) 2, pp. 135-154.
- (2000): “Os exiliados castelhanos no reinado de Fernando I de Portugal”, *En la España Medieval* 23, pp. 101-115.
- FONSECA, Luís Adão de e Maria Cristina PIMENTA (eds.) (2008): *História das Íncultas Cavalarias de Cristo, Santiago e Avis. Por Fr. Jerónimo Román*, en *Militarium Ordinum Analecta. Fontes para o estudo das ordens religioso-militares* 10. Porto: Fundação Eng. António de Almeida.
- FREIRE, Anselmo Braancamp (1973³ [1899]): *Brasões da Sala de Sintra*. Lisboa: Imprensa Nacional, Casa da Moeda, 2 vols.
- GAIO, Manuel José da Costa Felgueiras (1938): *Nobiliário de famílias de Portugal. Tomo primeiro*. [Braga]: Agostinho de Azevedo Meirelles, Domingos de Araújo Affonso.
- GALBÁN MALAGÓN, Carlos J. (2009): “El señorío de Moscoso y el surgimiento de la fortaleza de Altamira (Brion, A Coruña)”, en A. Martínez Giral, N. Puig i Amat e M. Viader i Crous (eds.), *Les senyories a la Catalunya baixomedieval (ss. XIII-XV). Actes del Seminari d’Estudis Medievals d’Hostalric (13-14 novembre 2008)*. Hostalric: Ajuntament, pp. 145-160.

- (2011a): *Arquitectura militar y aspectos constructivos de las fortalezas bajo-medievales. Origen, función, contexto y evolución de las fortalezas de Altamira, Vimianzo y Cira*. Barcelona: Universitat (disponible en liña: <http://www.tdx.cat/handle/10803/31959>).
- (2011b): “Señor, non sejas ataúd de tus criados. Una aproximación a los afines del entorno de la casa de Moscoso (c. 1411-c. 1510)”, *Anuario de Estudios Medievales* 41/1, pp. 235-272.
- GARCÍA ORO, José (1987): *Galicia en los siglos XIV-XV. I. Galicia Señorial. El señorío. La Iglesia. La Corona*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- (1994): *Don Fernando de Andrade, Conde de Villalba (1477-1540). Estudio Histórico y Colección Documental*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (1999): *Galicia na Baixa Idade Media. Igrexa, señorío e nobreza*. Noia (A Coruña): Toxosoutos.
- GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (ed.) (2008): *Vasco da Ponte. Relación dalgunhas casas e liñaxes do Reino de Galiza*. Noia (A Coruña): Toxosoutos
- LEITE, António Pedro de Sousa (1969): *No V Centenário do Nascimento de Pedro Álvares Cabral. A família de D. Teresa de Andrade, avó do descobridor: sua projecção histórica, artística e literária*. Separata do Boletim da Academia Portuguesa de Ex-Libris 45-47. Braga: Tip. Ed. Franciscana.
- LEITE, Mariana Soares da Cunha (2012): *A General Estoria de Afonso X em Portugal: As múltiplas formas de receção do texto alfonsino entre os séculos XIV e XVI*. Porto: Universidade de Porto, Faculdade de Letras. Dissertação de Doutoramento inédita em Literaturas e Culturas Românicas
- LENCASTRE, Isabel (2012): *Bastardos Reais. Os filhos ilegítimos dos Reis de Portugal*. Alfragide: Oficina do Livro.
- LÓPEZ CARREIRA, Anselmo (2008a² [2005]): *O Reino medieval de Galicia. Contribución a unha historia política*. Vigo: Promocións Culturais Galegas.
- (2008b): “Os Castro: unha alternativa atlantista na Galicia do s. XIV”, en C. Baliñas Pérez et alii (eds.), *O Condado de Lemos na Idade Media (I Simposio de Historia en Terra de Lemos)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Innovación e Industria, Dirección Xeral de Turismo, pp. [57]-112.
- LÓPEZ MIRA, Álvaro Xosé (2012): “Galicia e Portugal: retallos da nosa historia común”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 15, pp. 159-165.
- LÓPEZ SANGIL, José Luis (2002): “Fernán Pérez de Andrade III, O Boo. Sus relaciones con la iglesia y el monacato: Monfero y la granja de Saa”, *Cátedra. Revista eumesa de estudios* 9, pp. 117-148.
- (2005): *A nobreza altomedieval galega. A familia Froilaz-Traba*. Noia (A Coruña): Toxosoutos.
- LORENZO, Ramón (1985): *Crónica Troiana. Introducción e texto*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- (2000): “Prosa medieval”, en M. Brea (coord.), *Galicia. Literatura. A Idade Media*. A Coruña: Hércules de Ediciones, pp. 402-405.
- (2002): “La interconexión de Castilla, Galicia y Portugal en la confección de las crónicas medievales y en la transmisión de textos literarios”, *Revista de Filología Románica* 19, pp. 93-123.
- MACCHI, Giuliano (ed.) (2004²): *Crónica de D. Fernando. Fernão Lopes*. Lisboa: Imprensa Nacional, Casa da Moeda.

- (ed.) (2007²): *Crónica de D. Pedro. Fernão Lopes*. Lisboa: Imprensa Nacional, Casa da Moeda.
- MACHADO, João T. Montalvão (1966): *Amores de D. Pedro e de Dna. Inês, em terras de Lourinhã, de Gaia e de Coimbra*. Lisboa: Livraria Portugal.
- (1978): *Itinerários de el-Rei D. Pedro I (1357-1367)*. Lisboa: Academia Portuguesa da História.
- MARIÑO PAZ, Ramón (1999²): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- (2008): *Historia de la lengua gallega*. Muenchen: Lincom Europa.
- MARQUES, A. H. de Oliveira (1981⁴): *A sociedade medieval portuguesa. Aspectos da vida quotidiana*. Lisboa: Sá da Costa.
- (ed.) (1984): *Chancelaria de D. Pedro I (1357-1367)*. Lisboa: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- MATTOSO, José (1998): *A Identidade Nacional*. Lisboa: Gradiva.
- MENEZES, José de Vasconcellos e (1986): “Terceiras de Lisboa. II”, *Lisboa. Revista municipal XLVII/17* (2^a serie), pp. 3-14.
- MORAIS, Cristóvão Alão de (1943-1948): *Pedatura Lusitana. Nobiliário de famílias de Portugal* (publ. A. A. Pereira de Miranda, A. A. Ferreira da Cruz, E. E. Andrea da Cunha e Freitas). Porto: Livr. Fernando Machado, 12 vols.
- OLIVERA SERRANO, César (2005): *Beatriz de Portugal. La pugna dinástica Avis-Trastámara*. Santiago de Compostela: CSIC, Instituto de Estudios Gallegos “Padre Sarmiento”.
- PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo José (2000): *Los señores de Galicia. Tenentes y condes de Lemos en la Edad Media*, 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- (2008): “Dos Castro aos Henriques e os Osorio. Prestixio, poder e memoria xenealóxica”, en C. Balañas Pérez *et alii* (eds.), *O Condado de Lemos na Idade Media (I Simposio de Historia en Terra de Lemos)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Innovación e Industria, Dirección Xeral de Turismo, pp. [131]-152.
- PENA, Xosé Ramón (2002): *Historia da literatura medieval galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Sotelo Edicións.
- (2013): *Historia da literatura galega. Vol. 1: Das orixes deica 1853*. Vigo: Xerais.
- PICHEL GOTÉRREZ, Ricardo (2012a): “A fortuna da Historia Troiana petrística (BMP ms. 558). Notas sobre a súa xénese, procedencia e vicisitudes”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 15, pp. 119-130.
- (2012b): “Tradición, (re)tradución e reformulación da *General Estoria* e na *Estoria de Troya* afonsinas á luz dun testemuño indirecto do séc. XIV”, *e-Spania. Revue Interdisciplinaire d’études hispaniques médiévales et modernes* 13 (xuño), texto en liña (<http://e-spania.revues.org/21124>, 10.4000/e-spania.21124).
- (2013): *A Historia Troiana (BMP ms. 558). Edición e estudo histórico-filolóxico*. Tese de doutoramento inédita. Santiago de Compostela: Universidade (Dpto. Filoloxía Galega), 2 vols.
- PIMENTA, Maria Cristina Gomes (1997): “A Ordem Militar de Avis (durante o mestrado de D. Fernão Rodrigues de Sequeira)”, *Militarium Ordinum Analecta* 1 (*As Ordens Militares no Reinado de D. João I*), pp. 129-246.
- (2007): *D. Pedro I: entre o reino e a recordação de Inês*. Lisboa: Temas e Debates.
- PINTO, Óscar Caiero (2003): *Tenreiro. Subsídios para a sua genealogia*. *Geneall*. Fórum de genealogia (www.geneall.net/P/forum_msg.php?id=6077).

- PIZARRO, José Augusto de Sotto Mayor (2010): “De e para Portugal. A circulação de nobres na Hispânia medieval (séculos XII a XV)”, *Anuario de Estudios Medievales* 40/2, pp. 889-924.
- QUINTELLA, Ignacio da Costa (1939): *Annaes da Marinha Portuguesa*. Lisboa: Typografia da Academia Real das Sciencias.
- REY ESCARIZ, Antonio A. (1915): “Traslado de dos cláusulas del testamento de Rui Freire de Andrade, padre de Nuño Freire de Andrade, Maestre de Christus, y de Fernán Pérez de Andrade o Boo. Año 1362”, *Boletín de la Real Academia Gallega, Colección de documentos históricos* 1, pp. 66-69.
- RODRÍGUEZ, José Luís (1999): “De castelhano para galego-português: as traduções medievais”, en R. Álvarez Blanzo e D. Vilavedra (eds.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, vol. 2, pp. 1285-1299.
- RODRÍGUEZ PORTO, Rosa M^a (2012): *Thesaurum. La Crónica Troyana de Alfonso XI (Escorial h.I.6) y los libros iluminados de la monarquía castellana (1284-1369)*. Tese de doutoramento inédita. Santiago de Compostela: Universidade (Dpto. de Historia da Arte), 2 vols.
- RODRÍGUEZ-VELASCO, Jesús (2009): *Ciudadanía, soberanía monárquica y caballería*. Madrid: Akal.
- ROIG, Adrien (1986): *Inesiana ou Bibliografía Geral sobre Inês de Castro*. Coimbra: Biblioteca Geral da Universidade.
- SÁ, Ayres de (1899): *Frei Gonçalo Velho*. Lisboa: Imprensa Nacional, vol. 1.
- SANTOS, Fr. Manuel dos (1988 [1727]): *Monarquia Lusitana*. Lisboa: Imprensa Nacional, Casa da Moeda, vol. 8.
- SILVA, João Pedro Morgado da (2010): *A Ordem de Cristo durante o Mestrado de D. Nuno Rodrigues Freire de Andrade (1357-1372)*. Dissertação de Mestrado em História Medieval. Lisboa: Universidade.
- SOUSA, António Caetano de (1736): *História genealógica da Casa Real Portuguesa, desde a sua origem até o presente, com as Famílias ilustres, que procedem dos Reys, e dos Serenissimos Duques de Bragança. Justificada com instrumentos, e Escritores de inviolavel fé, e offerecida a el Rey D. João V, nosso Senhor*. Lisboa: Da Sylva, vol. 2.
- VAAMONDE LORES, César (1916): “Nuño Freire de Andrade”, *Almanaque Gallego* 4, pp. 46-53.
- (1936): “De monetaria gallega”, *Boletín de la Academia Gallega* XXXI/262 (marzo), pp. 249-261.
- VARELA CAMPOS, Paz (1993-1994): “Acercamiento al estudio de la nobleza gallega como promotora de obras artísticas. Los Andrade en el señorío de Pontedeume (ss. XIV-XVI)”, *Brigantium* 8, pp. 151-164.
- VASCONCELOS, António Maria Falcão Pestana de (2008): *Nobreza e Ordens Militares: relações sociais e de poder (séculos XIV a XVI)*. Porto: [Edición de autor], 2 vols.
- VÁZQUEZ, M^a Jesús (1990): “Aportación al estudio de la nobleza gallega en el medievo. La Casa de Andrade”, *Estudios Mindonienses* 6, pp. [797]-820.
- VÁZQUEZ REI, Antonio (1994): “Un gallego del siglo XIV Maestre de la Orden de Cristo de Portugal”, en A. Vázquez Rei, *Crónicas Nedenses y otros temas* (ed. M^a J. López Pérez). Neda (A Coruña): Concello, pp. 255-260.
- VIEGAS, Valentino (2001): *Relações de vassalagem no reinado de D. Pedro I. Subsídios para o estudo e interpretação*. Lisboa: Colibri
- ZOLTAN, V. H. (1991): “Los Andrade. Una bibliografía histórica”, *Anuario Brigantino* 14, pp. 167-184.